

ESPANTALLO AMIGO OS QUNQUILANS

*A historia de Neira Vilas contada, agora, polos
nenos protagonistas cando xa son adultos.*

Unha historia de xenerosidade.

Teatro dentro do teatro.

*Unha obra para sorprendernos, para aprender,
mais tamén para pensar.*

O espantallo que o tío Ramón coloca na figueira non só logra salvar a froita, tamén fai medrar nos habitantes da eira a necesidade de coidar uns dos outros. Unha vez conseguido isto, o espantallo aproveita un refacho de vento para ver mundo. Na súa viaxe descobre un neno e unha nena moi pobres e, nun acto de xenerosidade absoluta, o espantallo decide deixar de existir para que os nenos teñan roupa, comida e leña con que pasar o inverno.

A trama, creada por Xosé Neira Vilas, está contada, na versión teatral de Os Quinquilláns, polos nenos que no seu día conseguiron superar a miseria grazas á xenerosidade do espantallo amigo e que, xa convertidos nun home e nunha muller, queren facer unha montaxe teatral que amose o acontecido.




EDITORIAL GALAXIA

ESPANTALLO AMIGO

OS QUNQUILANS

*sobre o texto
de Xosé Neira Vilas*



ESTE *ESPANTALLO AMIGO* non é un “espantallo amigo” sen máis. Os Quinquilláns ofrécenos unha montaxe teatral que supón un diálogo espectacular e novo entre o teatro e a literatura, entre a narración e a representación. Un xeito diferente de ver teatro. Unha maneira distinta de ler un libro.

Partindo da obra de Xosé Neira Vilas, Lucho Penabade e Tero Rodríguez, dous actores de longa traxectoria e ampla experiencia na produción de espectáculos teatrais pensados para o público escolar, ofrécenos a súa lectura desta obra, que xa viaxou polos teatros de medio mundo e que agora aterra aquí, en Galicia, acompañada do libro orixinal, en edición especial para esta Campaña, para completar un traballo transversal que permitirá aos espectadores-lectores comprender as relacións que hai entre as distintas linguaxes artísticas.

Ao tempo, momentos para a risa, para a reflexión e, tras o teatro, para a lectura demorada na casa, pois todas e todos os que asistan ao espectáculo saíran cun *Espantallo amigo* nas mans. Porque non queremos ofrecer un “chispazo” sen máis. Queremos que o pouso que quede dentro dos nosos corazóns logo de coñecer o espantallo e os dous adultos (que un día foron neno e nena, coma o público asistente) agrome de volta na casa, co libro entre as mans, completando así o ciclo creativo que vai de Neira Vilas a Os Quiquilláns e de Os Quinquilláns a ti.



Xosé Neira Vilas



Xaquín Marín



Xosé Vizoso

UN PROXECTO TEATRAL E LITERARIO

Xosé Neira Vilas soñou un día o *Espantallo amigo*. Xaquín Marín puxo a súa arte ao seu servizo para ilustrar unha magnífica historia cuns debuxos que xa son insuperables. Xosé Vizoso, o grandísimo artista mindoniense, que leva máis de tres décadas deseñando para Sargadelos, encárgase desta volta de darlle forma, cor e realidade aos personaxes desta versión teatral de Os Quinquilláns, que acompañamos coa edición do libro para que ninguén quede sen el para, con vagar, ler e sorprenderse de como unha idea nacida un día na mente dun escritor, remata sendo debuxo, cor, xesto no escenario, interpretación. En definitiva, a vida.

OS QUINQUILLÁNS TEATRO é una compañía que leva desde o ano 1989 rolando polos teatros de Galicia. Ao longo deste tempo conseguiu grandes éxitos con espectáculos de gran e pequeno formato, de rúa e de sala, para público infantil e para público adulto. Entre outros, *Irmandiños* (1998), *Morgana e Artur* (2012), *Feirantes* (2013), *O Castelo de Vimianzo, un paseo pola historia* (2013), *Indianos* (2014)...

Ademais destas montaxes con textos propios, a compañía tamén conta cunha ampla experiencia na adaptación de textos doutros autores e doutros xéneros: *Gulliver* (1999), *Moby Dick* (2004), *O Mago de Oz* (2007)...

Agora céntranse neste emblemático texto de Xosé Neira Vilas, *Espantallo amigo*, nunha produción orixinal e certamente sorprendente nacida en 1971 e que xa se pode ler, ademais de en galego, en castelán, catalán, éuscaro, inglés, ucraíno, braille... Na década dos anos 80 do século pasado representouse en Francia a versión teatral en numerosas ocasións.

Agora, da man de Os Quinquilláns, gozámola en galego.



Lucho Penabade



Tero Rodríguez



FICHA TÉCNICA

Autor orixinal: **Xosé Neira Vilas**

Adaptación do texto: **Lucho Penabade · Tero Rodríguez**

Elenco: **Lucho Penabade · Tero Rodríguez**

Realización, escenografía e *Atrezzo*: **Pepe Penabade**

Deseño *Atrezzo* e escenografía: **Xosé Vizoso**

Vestuario: **Olga Vieites**

Espazo sonoro: **J. Luis do Pico Orjais**

Deseño cartel: **Xosé Vizoso**

Iluminación: **Pepe Penabade**

Producción: **Lucho Penabade · Tero Rodríguez**

Dirección: **Lucho Penabade · Tero Rodríguez**

Distribución: **Editorial Galaxia**
986 432 100 · galaxia@editorialgalaxia.com

